



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2024/G006/000063. Subvencións destinadas a deportistas que acrediten a participación ou estar en programas que permitan acceder a eventos deportivos de nivel acreditado, tales como campionatos de carácter estatal ou rexional.

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, secretario-interventor do Concello de Touro do que é alcalde Roberto Castro Rocamonde,

CERTIFICA

Que o martes día 26 de marzo de 2024, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria, cos quórumos de participación e votación legalmente esixidos, adoptou o acordo que di:

“EXPEDIENTE 2024/G006/000063. Subvencións destinadas a deportistas que acrediten a participación ou estar en programas que permitan acceder a eventos deportivos de nivel acreditado, tales como campionatos de carácter estatal ou rexional.

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Base 15ª j) de execución do orzamento do exercicio 2022, prorrogado ao ano 2024 relativo ás subvencións de concesión directa que establece “De forma específica poderanse conceder subvencións destinadas a deportistas que acrediten a participación ou estar en programas que permitan acceder a eventos deportivos de nivel acreditado, tales como campionatos de carácter estatal ou rexional. As subvencións será aprobadas pola Alcaldía ou a Xunta de Goberno. O medio de xustificación da mesma aprobarase conxuntamente coa aprobación da axuda e poderá referirse a distintos conceptos como matrículas, gastos médicos ou farmacéuticos, de traslado, etc, sempre que teñan relación coa actividade que se está levar a cabo.”

Coa finalidade de por en público coñecemento este tipo de axudas, de fomento do deporte a través da axuda nos gastos de participación ou estar en programas que permitan acceder a eventos deportivos de nivel acreditado de deportistas locais en campionatos de carácter estatal ou rexional.

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Establecer un axuda máxima por participante de 500,00 euros para gastos de matrículas, gastos médicos ou farmacéuticos, de traslado, etc, sempre que teñan relación coa actividade que se está levar a cabo. Requisito estar empadroado no Concello de Touro.

SEGUNDO. Para resultar persoa beneficiaria deberán achegar:

- Memoria da actividade.
- Acreditación da participación mediante xustificantes de inscrición e resultado/clasificación.
- Facturas dos gastos obxecto de subvención, xunto cos xustificantes de pagamento.
- Declaración responsable de non estar obrigada a presentar declaracións de carácter tributario nin coa Seguridade Social, ou, no seu caso, certificacións de estar ó corrente das mencionadas obrigas.
- Declaración de solicitudes de subvencións doutros organismos para o mesmo fin.

TERCEIRO. A data límite de presentación da solicitude será o 1 de decembro de 2024 e de xustificación o 15 de decembro de 2024.

CUARTO. Expoñer este acordo no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Ao abeiro do acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se crea a Xunta de Goberno Local e Decreto da Alcaldía do n.º 212/2023 do 10 de agosto polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asisten á sesión, sendo este o seu número legal de membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Establecer un axuda máxima por participante de 500,00 euros para gastos de matrículas, gastos médicos ou farmacéuticos, de traslado, etc, sempre que teñan relación coa actividade que se está levar a cabo. Requisito estar empadroadado no Concello de Touro.

SEGUNDO. Para resultar persoa beneficiaria deberán achegar:

- Memoria da actividade.
- Acreditación da participación mediante xustificantes de inscrición e resultado/clasificación.
- Facturas dos gastos obxecto de subvención, xunto cos xustificantes de pagamento.
- Declaración responsable de non estar obrigada a presentar declaracións de carácter tributario nin coa Seguridade Social, ou, no seu caso, certificacións de estar ó corrente das mencionadas obrigas.
- Declaración de solicitudes de subvencións doutros organismos para o mesmo fin.

TERCEIRO. A data límite de presentación da solicitude será o 1 de decembro de 2024 e de xustificación o 15 de decembro de 2024.

CUARTO. Expoñer este acordo no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.”

E para que conste e a salvo erro ou omisión involuntaria e coa particularidade do artigo 206 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, libro este certificado de orde do alcalde.

Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Visto e praxe: Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente